# ANEXO VI:

# "PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP PARADAI"

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## Índice:

1. 1. ........................................................................................................INTRODUCIÓN. 2
2. 2.ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO /GROMO 2
3. 3.ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL. ..........................................................................................................5
4. 4.MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL 10
5. 5.HORARIOS ESPELLO DO CEIP DE PARADAI 13

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## 1. INTRODUCIÓN.

O Plan de Continxencia do CEIP Paradai ten por finalidade establecer os procesos para o

suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho/gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/Centro.

## 2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO /GROMO

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Diante dun suposto no que algunha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas e Plans de Preparación e Resposta: ”Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, en virtude da mesma: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

3. A persoa responsabel ou o seu titor legal no caso de menores deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal non docente do Centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluirá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporarase a mesma información.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica..

6. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

7. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na ”Guía de actuación ante la aparición de

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

a. Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
b. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entran en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
c. En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo sanitaria.

8. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias, que serán as

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

encargadas de notificar aos interesados o levantamento da corentena.

9. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

## 3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

En previsión de poder chegar a unha situación de ensino a distancia, debemos establecer as medidas preventivas en canto a funcionamento e coñecemento da aula virtual (profesorado, familias e alumnado).

10. O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web. do centro.
11. O mesmo día do peche o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais a partir de terceiro de primaria e trasladará orientación ás familias, , a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
12. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma. As medidas a tomar dende o centro son as seguintes:
    - Segundo o protocolo de adaptación ao COVID-19 determinase que as aulas virtuais estableceranse, polo menos a partir de 3º de primaria e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

funcionamento a Consellería. Como centro debemos traballar cunha única plataforma e todo o colexio empregará a aula virtual, no caso de ter que suspender as clases presenciais.

- Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.
- Formación do profesorado na aula virtual do CEIP Paradai, por medio de videos explicativos para crear e dotar de material a un curso, así como enviar e/ou corrixir tarefas...
- Xa están creados os cursos e matriculado o alumnado de cada curso. O profesorado titor será responsable de facer chegar as familias o nome de usuario e contrasinal dos seus alumnos, neste intre todo o alumnado que acude ao centro é coñecedor do uso da aula virtual e do seu nome de usuario e contrasinal.
- Ao longo do primeiro trimestre o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado co manexo das aulas virtuais (acceso á plataforma, ver as súas materias, visualizar o traballo, como se referencia unha tarefa, como saber se está corrixida...) . Para iso, e tal como se establece no plan de adaptación do COVID, empregarase a aula de informática nos horarios establecidos e tomando as medidas de prevención e hixiene recollidas en dito protocolo.
- O alumnado dos grupos estables á hora de traballar na aula de informática non gardarán a distancia de 1,5 m. Podendo utilizar a totalidade dos postos.
- Cada mestre dispón dun correo electrónico para comunicacións coas familias da súa titoría ou da súa materia. Sendo o correo corporativo (@edu.xunta.es) o máis aconsellable para usar por motivos de confidencialidade.
- As familias terán un espazo onde poder formarse nas aulas virtuais:

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

a. Videos ou manuais colgados na páxina web do colexio, no apartado aula virtuais.
b. Resolución de dúbidas vía telefónica, axenda ou videoconferencia.

13. O equipo COVID, en colaboración co profesorado titor do centro, **identificará ao alumnado que teña dificultades** de conexión o falla de equipamento, nos primeiros días de curso, para que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
14. O centro establecerá, entre outras medidas, unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado para desenvolver os contidos das diferentes áreas, materias ou módulos, de xeito organizado similar ao do ensino presencial. Esta planificación será elaborada pola dirección do centro, coa colaboración do equipo docente de cada grupo e deberá remitirse á inspección de educación para a súa aprobación e posterior comunicación ao alumnado ou ás súas familias (no caso de alumnado menor de idade) para o seu cumprimento.
15. Para o desenvolvemento desta labor docente na contorna virtual (con carácter xeral e tamén na situación de peche ou confinamento) o profesorado dos centros públicos deberá empregar unicamente os servizos dixitais corporativos (https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais ) por ser aqueles que garanten o cumprimento das medidas de seguridade da información e protección de datos de carácter persoal, quedando rexistradas as accións e actividades de todos os axentes implicados de xeito seguro.
16. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos **períodos ordinarios de avaliación** do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
17. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

a. Solicitude de titorías: A través de Abalar Móbil.
b. Atención de titorías: Previa cita. A través de video conferencia e durante a sesión semanal de atención a pais, os martes de 17:00 a 18:00 horas.
c. O mestre/a titor/a poderá empregar outros medios para completar a comunicación co seu alumnado/familias.
d. O Departamento de Orientación estará dispoñible no horario habitual, martes de 17:00 a 18:00 no teléfono 982870432.
e. Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

b) O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.

c) O profesorado de cada área, ámbito, materia ou modulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro (ANEXO I)

d) O/a titor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

e) O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado.

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

f) O Departamento de Orientación xunto coa titora determinará un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar; sendo as que van a supervisar e corrixir as tarefas.

g) O equipo de nivel xunto co departamento de orientación deseñara unha estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza dende casa.

h) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

i) Solicitar á Consellería de Educación, universidade e formación profesional que adopte as medidas oportunas para minimizar as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

j) Coordinar co Concello de Lugo e asociacións á posibilidade de achegar o material a aquelas familias que teña dificultades de conexión o falla de equipamento mentras a Consellería non adopta as medidas correspondentes.

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## 4. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientativas, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### 4.1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.

- Desinfección de todos os espazos

- Revisión do Plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

### 4.2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

- Combinar o ensino presencial e a distancia.

- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.

- Avaliación desa etapa.

### 4.3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 xornadas lectivas)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo

- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.

### 4.4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases.

- Comprobar o grao de adquisición do traballado.

- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.

- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación e así implementarse desde o primeiro día deste curso 2020-21.

| | |
|---|---|
| **Data de presentación ao Consello Escolar** | **08/09/2020** |
| **Data de aprobación pola Directora** | **08/09/2020** |

Lugo, 10 de setembro de 2020

A directora

Asdo. Marta Castro Girona

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## 5. HORARIOS ESPELLO DO CEIP DE PARADAI

A continuación se desenvolven os "horarios espello" do CEIP de Paradai a partir do terceiro nivel de Educación Primaria, tal e como se recolle na **Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19**.

Estos horarios atópanse fundamentados nos horarios habituais (aprobados na PXA do centro), adaptados ás condicións do contexto de pandemia e tendo en conta os criterios establecidos en dita resolución.

Por razóns organizativas e pedagóxicas, elaboramos 2 horarios diferenciando dous posibles contextos, o de confinamento total do centro ou o de confinamento parcial dun grupo aula, distribuíndo as tarefas docentes do seguinte xeito:

- No caso de confinamento total, o traballo directo co profesor sería en dúas franxas horarias: de 9:00 a 11:30 horas o alumnado de 5º e 6º de primaria e de 11:30 a 14:00 horas o alumnado de 3º e 4º de primaria. O resto do traballo individual sería realizado polo alumnado fóra desas horas.
- No caso de confinamento parcial, mantivemos as sesións correspondentes a xornada escolar respectando os horarios das persoas especialistas, o recreo e proxecto lector. Dividindo as sesións en dúas partes, unha adicada ao contacto directo docente/alumno e outra ao traballo individual (marcado no horario como T.I.).

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## HORARIO PRESENCIAL

| P 3ºA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Luns** | **Martes** | **Mércores** | **Xoves** | **Venres** |
| 9:00<br>9:50 | E.Física<br>Cris | Lingua G<br>Titor 3ºA<br>Titor 3ºB | E.Física<br>Cris | Lengua C<br>Titor 3ºA | C.Sociais<br>Titor 3ºA<br>Inglés2 |
| 9:50<br>10:40 | R.Evanx<br>V.C.S<br>R.Cat | Inglés<br>Inglés 1 | Lengua C<br>Titor 3ºA | Lingua G<br>Titor 3ºA | Lingua G<br>Titor 3ºA<br>Titor 3ºB |
| 10:40<br>11:30 | Lingua G<br>Titor 3ºA | Lengua C<br>Titor 3ºA | Matemáticas<br>Titor 3ºA | Inglés<br>Inglés 1 | Inglés<br>Inglés 1 |
| | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector |
| 12:20<br>13:10 | C. Natureza<br>Titor 3ºA<br>Inglés 2 | Matemáticas<br>Titor 3ºA<br>Inglés 2 | C. Natureza<br>Titor 3ºA<br>Inglés 2 | C.Sociais<br>Titor 3ºA | Matemáticas<br>Titor 3ºA |
| 13:10<br>14:00 | Lengua C<br>Titor 3ºA | C.Sociais<br>Titor 3ºA | D.Lúdico<br>Titor 3ºA<br>Inglés 2 | Plástica<br>Titor 3ºA<br>Titor 3ºB | Música<br>Rosario |

## HORARIO ESPELLO EN CASO DE PECHE TOTAL

| P 3ºA | **LUNS** | **MARTES** | **MÉRCORES** | **XOVES** | **VENRES** |
|---|---|---|---|---|---|
| 11:30<br>12:00 | E. FÍSICA | INGLÉS | E. FÍSICA | INGLÉS | INGLÉS |
| 12:00<br>12:30 | R.EVANXÉLICA<br>R.EVANX<br>V.C.S | LINGUA G | LENGUA C | LENGUA C | MÚSICA |
| 12:30<br>13:00 | LINGUA G | LENGUA C | MATEMÁTICAS | LINGUA G | C.SOCIAIS |

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

| P 3ºA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 13:00<br>13:30 | C. NATUREZA | MATEMÁTICAS | C. NATUREZA | C.SOCIAIS | LINGUA G |
| 13:30<br>14.00 | LENGUA C | C.SOCIAIS | D.LÚDICO | PLÁSTICA | MATEMÁTICAS |
| 17:00<br>18:00 | | ATENCIÓN PAIS | | | |

## HORARIO ESPELLO PECHE PARCIAL

| P 3ºA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Luns** | **Martes** | **Mércores** | **Xoves** | **Venres** |
| 9:00<br>9:30 | E.FÍSICA | MATEMÁTICAS | E.FÍSICA | MATEMÁTICAS | INGLÉS |
| 9:30<br>10:00 | LINGUA G | LENGUA C | MATEMÁTICAS | LENGUA C | LINGUA G |
| 10:00<br>10:30 | RELIXIÓNS<br>V.C.S | INGLÉS | LENGUA C | INGLÉS | MÚSICA |
| 10:30<br>11:00 | C. NATUREZA | LINGUA G | C. NATUREZA | LINGUA G | C.SOCIAIS |
| 11:00<br>11:30 | LENGUA C | C.SOCIAIS | D.LÚDICO | PLÁSTICA | MATEMÁTICAS |
| 11:30<br>12:00 | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** |
| 12:00<br>12:30 | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** |
| 12:30<br>13:00 | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 13:00<br>13:30 | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 13:30<br>14:00 | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 17:00<br>18:00 | | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS | | | |

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## HORARIO PRESENCIAL

| P 3ºB | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
| 9:00<br>9:50 | Lingua G<br>Titor 3ºB<br>Titor 3ºA | Inglés<br>Inglés 1 | Música<br>Rosario | Lengua C<br>Titor 3ºB<br>Rosario | E.Física<br>Marta |
| 9:50<br>10:40 | C. Natureza<br>Titor 3ºB | R.Evanx<br>R.Cat<br>V.C.S | Lengua C<br>Titor 3ºB<br>Rosario | Lingua G<br>Titor 3ºB | Inglés<br>Inglés 1 |
| 10:40<br>11:30 | C.Sociais<br>Titor 3ºB | Lengua C<br>Titor 3ºB<br>Rosario | Matemáticas<br>Titor 3ºB | C. Natureza<br>Titor 3ºB<br>Titor 3ºA | Lingua G<br>Titor 3ºB<br>Titor 3ºA |
| | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector |
| 12:20<br>13:10 | Plástica<br>Titor 3ºB | Matemáticas<br>Titor 3ºB | E.Física<br>Marta | C.Sociais<br>Titor 3ºB | Matemáticas<br>Titor 3ºB |
| 13:10<br>14:00 | Lengua C<br>Titor 3ºB<br>Rosario | Lingua G<br>Titor 3ºB | D.Lúdico<br>Titor 3ºB<br>Rosario | Inglés<br>Inglés 1 | C.Sociais<br>Titor 3ºB<br>Titor 3ºA |

## HORARIO ESPELLO EN CASO DE PECHE TOTAL

| P 3ºB | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 11:30<br>12:00 | LINGUA<br>GALEGA | R.EVANXÉLICA<br>R.EVANX<br>V.C.S | E.FÍSICA | LENGUA<br>CASTELLANA | E.FÍSISCA |
| 12:00<br>12:30 | CIENCIAS<br>NATURAIS | INGLÉS | MÚSICA | LINGUA<br>GALEGA | INGLÉS |
| 12:30<br>13:00 | CIENCIAS<br>SOCIAIS | LENGUA<br>CASTELLANA | LENGUA<br>CASTELLANA | CIENCIAS<br>NATURAIS | LINGUA<br>GALEGA |
| 13:00<br>13:30 | PLÁSTICA | MATEMÁTICAS | MATEMÁTICAS | CIENCIAS<br>SOCIAIS | MATEMÁTICAS |

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

| P 3ºB | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 13:30<br>14:00 | LENGUA CASTELLANA | LINGUA GALEGA | DÍA LÚDICO | INGLÉS | CIENCIAS SOCIAIS |
| 17:00<br>18:00 | | ATENCIÓN PAIS | | | |

## HORARIO ESPELLO PECHE PARCIAL

| P 3ºB | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
| 9:00<br>9:30 | TRABALLO INDIVIDUAL | INGLÉS | MUSICA | TRABALLO INDIVIDUAL | E.F |
| 9:30<br>10:00 | TRABALLO INDIVIDUAL | MATEMÁTICAS | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | LINGUA G |
| 10:00<br>10:30 | LINGUA G | RELIXIÓNS V.C.S | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | INGLÉS |
| 10:30<br>11:00 | C. NATUREZA | LENGUA C | LENGUA C | LENGUA C | MATEMÁTICAS |
| 11:00<br>11:30 | C.SOCIAIS | LINGUA G | MATEMÁTICAS | LINGUA G | C. SOCIAIS |
| 11:30<br>12:00 | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** |
| 12:00<br>12:30 | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** |
| 12:30<br>13:00 | PLÁSTICA | TRABALLO INDIVIDUAL | E.F | C. NATUREZA | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 13:00<br>13:30 | LENGUA C | TRABALLO INDIVIDUAL | D.LÚDICO | C. SOCIAIS | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 13:30<br>14:00 | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | INGLÉS | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 17;00<br>18:00 | | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS | | | |

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## HORARIO PRESENCIAL

| P 4ºA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Luns** | **Martes** | **Mércores** | **Xoves** | **Venres** |
| 9:00<br>9:50 | Matemáticas<br>Titor 4ºA | Lengua C<br>Titor 4ºA | C. Natureza<br>Titor 4ºA<br>Titor 4ºB | Matemáticas<br>Titor 4ºA | Lingua G<br>Titor 4ºA |
| 9:50<br>10:40 | Lengua C<br>Titor 4ºA | Inglés<br>Inglés 2 | Lengua C<br>Titor 4ºA | Inglés<br>Inglés 2 | R.Cat<br>V.C.S<br>R.Evanx |
| 10:40<br>11:30 | Inglés<br>Inglés 2 | Lingua G<br>Titor 4ºA<br>Titor 4ºB | Música<br>Rosario | C.Sociais<br>Titor 4ºA | E.Física<br>Cris |
| | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector | Recreo /<br>Proxecto<br>Lector |
| 12:20<br>13:10 | C. Natureza<br>Titor 4ºA | C.Sociais<br>Titor 4ºA | Lingua G<br>Titor 4ºA | Lingua G<br>Titor 4ºA | D.Lúdico<br>Titor 4ºA<br>Titor 4ºB |
| 13:10<br>14:00 | L. Conf<br>Titor 4ºA | Matemáticas<br>Titor 4ºA | E.Física<br>Cris | Lengua C<br>Titor 4ºA | Plástica<br>Titor 4ºA<br>Titor 4ºB |

## HORARIO ESPELLO EN CASO DE PECHE TOTAL

| **P4º A** | **LUNS** | **MARTES** | **MÉRCORES** | **XOVES** | **VENRES** |
|---|---|---|---|---|---|
| 11:30<br>12:00 | INGLES | INGLÉS | MUSICA | INGLES | ED. FISICA |
| 12:00<br>12:30 | MATEMAT. | LINGUA G | ED. FISICA | MATEMAT. | RELIGION |
| 12:30<br>13:00 | CASTELLANO | LENGUA C | CASTELLANO | GALEGO | GALEGO |
| 13:00<br>13:30 | NATURALES | MATEMÁTICAS | GALEGO | CASTELLANO | MATEMATI. |
| 13:30<br>14:00 | L. CONF. | C.SOCIAIS | NATURALES | SOCIALES | PLASTICA |

CEIP PARADAI
Alexandre Bóveda, s/n
27003-Lugo
TLF. 982870432 – FAX. 982870436
E-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

## HORARIO ESPELLO EN CASO DE PECHE PARCIAL

| **P 4ºA** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Luns** | **Martes** | **Mércores** | **Xoves** | **Venres** |
| 9:00<br>9:30 | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 9:30<br>10:00 | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO INDIVIDUAL |
| 10:00<br>10:30 | MATEMÁTICAS | INGLÉS | C. NATUREZA | INGLÉS | RELIXIÓNS V.C.S |
| 10:30<br>11:00 | LENGUA C | LENGUA C | LINGUA C | MATEMÁTICAS | LINGUA G |
| 11:00<br>11:30 | INGLÉS | LINGUA G | MÚSICA | C. SOCIAIS | E.F |
| 11:30<br>12:00 | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** | **RECREO** |
| 12:00<br>12:30 | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** | **PROXECTO LECTOR** |
| 12:30<br>13:00 | C. NATUREZA | C. SOCIAIS | TRABALLO INDIVIDUAL | LINGUA G | MATEMÁTICAS |
| 13:00<br>13:30 | L. CONF | MATEMÁTICAS | LENGUA G | LENGUA C | PLÁSTICA |
